



# Tema 9: A CIDADE

O **poboamento** é a forma que adoptan os asentamentos humanos no espazo.



- **Poboamento rural:** asentamentos humanos de pequena dimensión, como aldeas ou vilas, caracterizados polo predominio das actividades do sector primario.
- **Poboamento urbano:** integrado por asentamentos de maior tamaño, as *ciudades*, cunha poboación que traballa nos sectores secundario e terciario.

# O CONCEPTO DE CIDADE

► Seguindo o **criterio cuantitativo**: en España considéranse urbanos os municipios con máis de 10000 habitantes.



Pero este criterio é incompleto:

- Municipios de poboamento concentrado e con cifras superiores, pero con aspecto e funcións claramente rurais: agrocidades andaluzas ou estremeñas.

- Pequenos núcleos do norte ou do centro, con menos poboación, pero con aspecto claramente urbano, que serían considerados rurais.

- Municipios con esas cifras, pero con poboación dispersa: Galicia.



**Almendralejo, Badajoz**

► Seguindo o **criterio cualitativo**: considérase cidade aquel asentamento que ten un poboamento concentrado, con alta densidade de edificación e de poboación, cun predominio da vivenda colectiva e en altura. Os habitantes dese núcleo desenvolven maioritariamente actividades industriais ou de servizos. Ademais ese asentamento terá capacidade para exercer influencia sobre o espazo que a rodea.


Municipios rurais: < 2000 habitantes

Municipios semiurbanos: entre 2000 e 10000 habitantes

Municipios urbanos: > de 10000 habitantes



Evolución de la proporción entre población rural y población urbana en España, 1950-2015



- Áreas predominantemente urbanas (menos del 20% de su población es rural)
- Áreas intermedias (su población rural está entre el 20 y el 50% de su población total)
- Áreas predominantemente rurales (más del 50% de su población es rural)

0 100 200 300 km




**ESPAÑA, 2015**

	<b>CIDADE</b>	<b>HABITANTES</b>
1º	Madrid	3165541
2º	Barcelona	1608746
3º	Valencia	790201
4º	Sevilla	690566
5º	Zaragoza	661108
6º	Málaga	569009
7º	Murcia	441003
8º	Palma de Mallorca	402949
9º	As Palmas...	378998
10º	Bilbao	345112

	<b>ÁREA METROPOLITANA</b>	<b>HABITANTES</b>
1º	Madrid	6018681
2º	Barcelona	5048195
3º	Valencia	1546128
4º	Sevilla	1304387
5º	Málaga	966916
6º	Bilbao	900307
7º	Asturias	812084
8º	Zaragoza	737621
9º	Alacant-Elche	693592
10º	Murcia	646816





# O PROCESO DE URBANIZACIÓN (PÁX. 352...)


O proceso de urbanización supón a progresiva concentración na cidade da poboación, as activ. económicas... Nese proceso poden diferenciarse varias etapas...

**T.URBANIZACIÓN** =

Pob. que vive en municipios de > 10000 hab.  $\times$  100

Poboación total

**2015: 79,2%**



# 1.- A urbanización preindustrial

- Comprende desde a orixe das cidades ao inicio da industrialización a  $\frac{1}{2}$  do s. XIX.
- Urbanización modesta: só o 10% era pob. urbana...
- O tamaño medio das cidades situábase arredor de 5000-10000 habitantes, e poucas superaban os 25000 ou 100000...
- As cidades tiñan unha orixe:



- **Estratéxico-militar:** a cidade controlaba o territorio.

- **Político-administrativa:** a cidade era a sede do poder político e a base para organizar o territorio.

- **Económica:** centro de actividades comerciais e artesanais.

- **Relixiosa:** era a sede do poder relixioso.


- **Cultural:** albergaba centros culturais e educativos.






## 2.- A urbanización industrial

- Comprende desde a orixe da industrialización a 1/2 do s. XIX ata a crise económica de 1975.
- **A taxa de urbanización coñece un gran crecemento**, no que se poden diferenciar varias etapas...
- Os factores que favorecen ese crecemento foron:



- **administrativos:** crec. das cidades escollidas como capitais provinciais en 1833.
- **económico-sociais:** as primeiras cidades industrializadas comezan a acoller á pob. chegada da España rural.







► **Ata mediados do s. XIX**, a taxa de urbanización aínda era pequena (24,6%), basicamente medraban as cidades escollidas como capital provincial e as ligadas ao comercio marítimo.

► **Desde mediados do s. XIX á Guerra Civil**, o crecemento urbano foi moi importante e a taxa de urbanización xa se situaba preto do 45%. O factor dese crecemento urbano era xa a industria, que atraía pob. do campo ás cidades industrializadas (Madrid, Barcelona, Bilbao...)






POBOACIÓN RURAL. Municipios con menos de 10000 habitantes.  
 POBOACIÓN URBANA. Municipios entre 10000 e 100000 habitantes.  
 POBOACIÓN URBANA. Municipios con máis de 100000 habitantes.



► **A Guerra Civil e a posguerra (1936-1959)** ralentizou o proceso de urbanización, en 1940 era cercano ao 50% e en 1960 a cifra ascendera a 57%:

- As cidades sufriron problemas de deterioro e abastecemento e o réxime franquista favoreceu a permanencia de pob. no campo.
- Pero a política autárquica fomentou a industria básica, permitindo un crecemento notable de Madrid, Barcelona e Bilbao.

Evolución da taxa de urbanización



Fonte: INE

► **A etapa do desenvolvemento (1960-1975)** foi a de maior crecemento económico e urbano do século XX. Os factores foron a industria e, en menor medida, as actividades terciarias:

- **A industria** atrae man de obra ás grandes cidades industrializadas, feito que coincide no tempo cun importante crecemento natural, o que dará lugar a un incremento importante da pob. urbana, que en 1970 xa era do 66%. As principais áreas urbano-industriais son:


ESTRUCTURA ESPACIAL E DENSIDADE INDUSTRIAL EN 1975

Traballadores/km<sup>2</sup>  
Media de España = 7,2

Máis de 30  
De 16 a 30  
De 8 a 15  
De 4 a 7  
Menos de 4

Nº de empregos (miles)

Máis de 50  
De 20 a 50  
De 5 a 20  
De 1 a 5




Fonte: Méndez, R.: Op. cit.

- O triángulo Madrid-Barcelona-Bilbao.
- Eixo cantábrico, mediterráneo e do Ebro.
- Contorno rexional de Madrid.
- As zonas escollidas como *polos de desenvolvemento*: litoral atlántico galego, Sevilla-Cádiz-Huelva, e Valladolid-Palencia-Burgos.

- As **actividades terciarias**, aínda que menos importantes no proceso de urbanización, foron responsables do crecemento urbano:

- das grandes áreas metropolitanas, cun terciario avanzado: Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla.
- dos centros turísticos do Mediterráneo, as Illas Baleares e Canarias.
- dalgunhas capitais de provincia non industrializadas..., onde predominaba o terciario tradicional.



- As grandes cidades concentraron o crecemento demográfico deste período e estendéronse no espazo, dando lugar a amplas periferias, que chegaron a absorber os municipios veciños, formando áreas metropolitanas e outras aglomeracións urbanas.




### 3.- A urbanización postindustrial

- A crise de 1975 provocou cambios no proceso de urbanización, que se aprecian sobre todo a partir de 1980.

► **A taxa de urbanización desacelerou o seu crecemento**, en 1980 a taxa é de 74%, en 1990 de 78% e no ano 2008 é de 78,7%. As causas foron:

**2015: 79,2%**

- A redución do crecemento natural
- A paralización do éxodo rural debido á crise industrial
- Os cambios na estrutura económica...(terciarización da economía)



## ► Os factores de urbanización cambian:



- A industria perde peso, debido á desindustrialización provocada pola crise e ao declive das cidades industriais afectadas (en especial as cantábricas). Ademais a tendencia actual é que a produción industrial se disperse no espazo. Non obstante, segue conservando a súa importancia como factor de urbanización a área castelá-manchega ao sur de Madrid ou o arco castelán de Valladolid-Palencia-Burgos.

Emprego industrial

1975 3663376

1990 1025079

- Os novos sectores de alta tecnoloxía séntense atraídos polas grandes metrópolis, por estar mellor dotadas de servizos e equipamentos necesarios, (o problema é que estes sectores están moi mecanizados e requiren pouca man de obra).



-As actividades terciarias gañan importancia, especialmente nas grandes metrópoles, onde se localizan os servizos máis avanzados, os centros de xestión das empresas (Madrid, Barcelona), nas rexións turísticas (Balears e Canarias), e nas rexións menos avanzadas, onde predomina un sector terciario de baixa cualificación.



A Manga do Mar Menor  
40 anos despois.








## ► Fréase o crecemento das grandes cidades, pero seguen estendendo a súa área urbanizada.

- Na década de 1980 as grandes cidades frearon o seu crecemento ou mesmo decreceron, debido ao descenso da natalidade e o fin do éxodo rural tras a crise.


- Desde 1/2 da década de 1990 recuperan o crecemento grazas ao incremento da inmigración estranxeira e ao repunte da natalidade.

- Pero en realidade a concentración da pob. nas grandes cidades segue decrecendo, debido á difusión de parte da pob. e das actividades económicas cara ás cidades medias e pequenas ou mesmo cara a núcleos rurais (vivenda máis barata, menor saturación...)

- Desde a crise de 2008...



O resultado desta difusión é a extensión da área urbanizada por espazos cada vez máis amplos: “*urbanización difusa*”, pero non significa unha perda de primacía das grandes cidades, pois van incrementando a súa influencia nun espazo circundante cada vez maior e seguen a concentrar as funcións principais.



# Cidades españolas no ano 2011

